

- 1539 (11/PNC-000144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre o establecemento por parte da Consellería do Medio Rural da obrigatoriedade da vacinación antirrábica en cans, gatos e furóns

BOPG nº 15, do 16.09.2020

Sométese a votación coa adición do punto segundo da emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego doc. núm. 3174 e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Valedor do Pobo

Resolución do 9 de outubro de 2020 pola que se aproban as normas reguladoras da avaliación do rendemento do persoal funcionario ao servizo da institución do Valedor do Pobo.

As Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da institución do Valedor do Pobo (BOPG núm. 404, do 27 de decembro de 2018) recollen a necesidade de regulamentar un sistema de avaliación do desempeño dos empregados públicos ao servizo da institución baseado nos principios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación e conforme os principios de igualdade, mérito e capacidade no exercicio das tarefas asignadas e a iniciativa e contribución para a mellora da prestación das tarefas asignadas ao seu servizo.

Logo de consulta co persoal funcionario ao servizo da institución entre os días 15 e 22 de setembro de 2020 e oída a Xunta de Coordinación, en sesión celebrada o 29 de setembro de 2020, de acordo co previsto na disposición derradeira primeira das Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da institución do Valedor do Pobo, aprobadas por Resolución da persoa titular da institución do 27 de decembro de 2018, procede aprobar o sistema de avaliación do desempeño do persoal ao servizo da institución do Valedor do Pobo.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 7 do Regulamento de organización e funcionamento da institución do Valedor do Pobo, aprobado pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia en sesión celebrada o 16 de xaneiro de 2018, e publicado por Resolución do 22 de xaneiro de 2018, (DOG nº 30, do 12 de febreiro de 2018), dispoño:

Artigo 1. *Obxecto das normas e finalidade das normas*

1) O obxecto destas normas é a regulación do sistema de avaliación do desempeño do persoal ao servizo da institución do Valedor do Pobo.



2) A súa finalidade é a de avaliar a conduta profesional, o rendemento e a consecución de resultados do persoal ao servizo da institución do Valedor do Pobo que se terán en conta tanto nos procedementos referentes á carreira profesional horizontal como nos expedientes de remoción do posto de traballo por falta de rendemento previsto no artigo 28 do Estatuto de persoal.

Artigo 2. *Periodicidade da avaliación*

A avaliación do desempeño efectuarase con carácter anual, comprendendo un período avaliable de 12 meses

Artigo 3. *Áreas de avaliación*

O desempeño avaliarase de acordo coas seguintes áreas:

1) Área 1: Cumprimento de obxectivos

Avaliarase a implicación e contribución individual do persoal á consecución dos obxectivos da institución e aos obxectivos individuais que teña asignados.

A puntuación máxima que se pode obter nesta área é de 25 puntos.

2) Área 2: Profesionalidade no cumprimento das tarefas asignadas

Avaliarase a profesionalidade técnica no desenvolvemento das tarefas asignadas, así como o desempeño efectivo delas. A avaliación realizarase sobre as capacidades, coñecementos e habilidades no desempeño das tarefas do posto de traballo.

A puntuación máxima que se pode obter nesta área é de 30 puntos.

3) Área 3: Iniciativa e contribución para a mellora da prestación das tarefas asignadas

Avaliarase a participación voluntaria en iniciativas destinadas a mellorar a eficacia e a eficiencia na xestión das actuacións desenvoltas na institución.

A puntuación máxima que se pode obter nesta área é de 5 puntos.

Artigo 4. *Puntuación mínima necesaria para obter unha avaliación favorable*

Para obter unha avaliación favorable para a progresión dos graos da carreira profesional horizontal, regulada nas Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da institución do Valedor do Pobo, será preciso obter, cando menos, o 50% da suma de puntuación máxima atribuída nas áreas 1, 2, e 3.

Artigo 5. *Comisión de avaliación*

Créase unha comisión de avaliación do desempeño dos postos de traballo de funcionarios, que estará composta polo secretario xeral, que a presidirá, a xefa do Servizo de Administración e Persoal e o xefe do Servizo II, que actuarán como vogais.



Artigo 6. *Procedemento para a avaliación do desempeño*

A comisión avaliará o rendemento profesional do persoal funcionario ao servizo da institución do Valedor do Pobo mediante a cobertura dun cuestionario individual normalizado para cada empregado/a.

As persoas titulares dos postos de coordinación e xefaturas de servizo serán avaliadas pola persoa titular da Secretaría Xeral, e esta, pola persoa titular da institución.

Cada avaliación individual será trasladada a cada persoa interesada para os efectos de que poida efectuar as alegacións que considere oportunas nun prazo de 5 días contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Finalizado o prazo, e unha vez analizadas, se for o caso, as alegacións efectuadas, serán valoradas pola comisión, e emitirase un informe definitivo no que se cualificarán os resultados da avaliación que correspondan, que se elevarán á persoa titular da institución, que resolverá o que proceda.

Contra a resolución da avaliación do rendemento do persoal funcionario ao servizo da institución do Valedor do Pobo as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente e no mesmo prazo recurso contencioso-administrativo ante a correspondente sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 7. *Situacións particulares*

A avaliación do persoal funcionario que se encontre nalgunha das situacións recollidas no artigo 6.2 das Normas básicas reguladoras da carreira profesional, realizarase sobre un período mínimo seis meses dende a súa reincorporación ao servizo activo.

Artigo 8. *Dereito de información*

O persoal funcionario adherido ao sistema de carreira profesional horizontal terá dereito a coñecer, en calquera momento, a situación do seu expediente e, en particular, a puntuación de cada un dos elementos de avaliación. Para estes efectos, poderá requirir da persoa titular da Secretaría Xeral as aclaracións necesarias.

Artigo 9. *Complemento de carreira profesional horizontal*

O recoñecemento dun grao no sistema de carreira profesional horizontal comportará a percepción mensual do importe asignado para este complemento de conformidade co artigo 52.3.c) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, segundo recolle o artigo 9 das Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da institución do Valedor do Pobo.

Disposición adicional primeira. *Implantación do sistema de avaliación do desempeño*

A institución do Valedor do Pobo implantará o sistema de avaliación do desempeño no prazo máximo dun mes dende a entrada en vigor da presente resolución.



Disposición adicional segunda. *Protección de datos*

Os datos de carácter persoal serán tratados pola institución do Valedor do Pobo e incorporados á actividade de tratamento *Xestión de recursos humanos*, cuxa finalidade é a xestión da avaliación do desempeño e do acceso e progresión do persoal da institución do Valedor do Pobo á carreira profesional e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercicio de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.

Non están previstas transferencias de datos.

A persoa interesada pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Valedor do Pobo, con enderezo postal rúa Hórreo nº 65 15701 Santiago de Compostela ou no enderezo de correo electrónico valedor@valedordopobo.gal

Pode obter información adicional na páxina web do Valedor do Pobo: www.valedordopobo.gal.

Disposición transitoria única. *Avaliación correspondente ao ano 2020*

A avaliación correspondente ao ano 2020 fraccionarase, excepcionalmente, en dous períodos, cada un dos cales será avaliable de xeito independente. O primeiro abarcará o primeiro semestre do ano 2020, co fin de poder facer efectivo o disposto na disposición transitoria segunda das normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración do Valedor do Pobo. O segundo período comprenderá o segundo semestre do ano 2020.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2020
Dolores Fernández Galiño
Valedora do pobo

ANEXO I

Elementos avaliáveis na competencia e profesionalidade técnica previstos na área 1

(1). Capacidade de toma de decisións

Capacidade de elixir entre varias alternativas posibles de acción de modo rápido e preciso. Isto implica coñecer todas as posibles consecuencias e utilizar sempre como criterio de selección o cumprimento dos obxectivos do posto.

(2). Capacidade de organización e planificación

Capacidade de establecer estratexias correctas para o desempeño eficaz do posto, mediante o agrupamento de actividades, establecemento de prioridades na realización das tarefas, utilización óptima do tempo e de todos os medios e recursos.



(3). Iniciativa

Adoptar unha actitude activa, proactiva, emprendedora e orientada ás actividades do traballo, asumir novas responsabilidades e mostrar enxeño ante as situacións inesperadas.

(4). Produtividade

Resultados do traballo en termos do volume de actividade e cantidade do realizado, así como da súa calidade, o que indica uns produtos excelentes e/ou uns servizos eficaces e eficientes.

(5). Compromiso coa organización

Identificación do persoal cos obxectivos e valores da institución de servizo público.

(6). Compartir e transmitir coñecementos

Poñer á disposición dos demais compañeiros e compañeiras o coñecemento persoalmente adquirido, ou asesorándoos no mellor modo de realización das tarefas e responsabilidades que teñan encomendadas.

(7). Uso adecuado dos recursos laborais

Manter en bo estado todo o material, instrumental e recursos (máquinas, ferramentas, mobiliario, ordenadores, etc.) postos á súa disposición para a realización das tarefas do posto de traballo.

ANEXO II

Elementos avaliados nas iniciativas e contribucións para a mellora da prestación das tarefas asignadas na área 2

Avaliaranse as iniciativas de participación que non estean recollidas nas funcións específicas dun posto na RPT e que contribúan á mellora do desenvolvemento das funcións atribuídas á institución, entre outras:

(1). Coñecementos técnicos

Comprensión e aplicación dos coñecementos do posto e técnicos necesarios para realizar correctamente o traballo. Este incluíría o coñecemento de procedementos, técnicas, métodos, requisitos, instrumentos, materiais, características do lugar de traballo, relacións con outros postos e calquera outro coñecemento necesario para desempeñar os cometidos do posto con eficacia e eficiencia.

(2). Capacidade de resolución de problemas

Capacidade de resolver as incidencias ou imprevistos que se presenten durante o desempeño do posto de modo satisfactorio, incorporando solucións creativas, rápidas e con satisfacción das partes implicadas.



(3). Capacidade de aprendizaxe

Capacidade para desenvolver estratexias de aprendizaxe, adquirir novos coñecementos de modo rápido e eficiente e aprender da experiencia para dar respostas correctas e axustadas aos problemas que se presentan no traballo e que poidan solucionarse mediante coñecementos.

(4). Minuciosidade e responsabilidade

Precisión na realización das funcións do posto utilizando todos os medios e procedementos tanto materiais como persoais, deixándose asesorar, de ser o caso, para optimizar os resultados do traballo propio. Isto inclúe realizar o traballo coidadosamente, revisar as tarefas e produtos efectuados, prestar atención aos detalles e ter en conta as posibles consecuencias (calidade).

(5). Esforzo

Insistencia e constancia na consecución das tarefas ou obxectivos asignados, poñendo empeño e enerxía na súa realización, independentemente da dificultade das tarefas e obxectivos.

(6). Colaboración e cooperación cos compañeiros e compañeiras

Consideración ás persoas, apoio e respecto aos outros (colaboradores, compañeiros, usuarios). Capacidade para escoitar activamente as persoas e colaborar con elas no traballo.

(7). Mantemento do rendemento laboral

Cumprimento das actividades, tarefas e funcións propias do posto en termos da execución do que foi encomendado, sen necesidade de supervisión continua. Capacidade de incorporación de adaptacións e axustes necesarios para evitar unha diminución do rendemento.

(8). Mantemento da calidade do traballo

Interese, constancia e continuidade nas actividades laborais desenvoltas para lograr que o traballo encomendado resulte de calidade. Valoración da vontade e iniciativa propia no mantemento da calidade con independencia do volume de traballo realizado.

(9). Asistencia ao traballo e uso eficiente do tempo

Asistencia e uso do tempo da xornada laboral de acordo coas normas e de modo eficiente, non mostrando un abandono voluntario das responsabilidades, tarefas e deberes do posto de traballo e sendo puntual no cumprimento do seu horario de traballo.

(10). Ritmo voluntario eficiente do traballo

Ritmo de traballo adecuado, amosando consistencia no ritmo ao longo dos períodos avaliados sen oscilacións importantes.



Anexo III

Iniciativa e contribución para a mellora da prestación das tarefas asignadas na área 3

- (1). Participación en grupos de traballo constituídos para o seguimento de actuacións determinadas, mellora da calidade da prestación dos servizos etc.
- (2). Participación en actividades de formación dos alumnos ou alumnas das universidades galegas que acceden as practicas académicas curriculares desenvoltas nesta institución.
- (3). Participación e colaboración en actuacións e programas non directamente relacionados coas funcións propias do posto, tales como actividades protocolarias, de divulgación ou calquera outra que se desenvolva no marco das funcións d a institución
- (4). Participación e seguimento da formación das persoas que accedan ás bolsas ofertadas pola institución do Valedor do Pobo.

